



ASOCIACIÓN VIEIRO

## MAR DE REDES

### Curso de prevención escolar para un bo uso das NNTT

- 1.- Presentación e xustificación.
- 2.- Obxectivos.
- 3.- Poboación destinataria.
- 4.- Metodoloxía
- 5.- Actividades
- 6.- Lugar de celebración
- 7.- Duración



ASOCIACIÓN VIEIRO

## **1.- PRESENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN**

Aínda que son incuestionables os beneficios e vantaxes que aportan as tecnoloxías da información e a comunicación en múltiples ámbitos, nos últimos anos están crescendo rapidamente os problemas asociados ao uso inadecuado destas entre a poboación adolescente e xuvenil. En paralelo ao incremento dos casos de uso problemático de Internet e as redes sociais, obsérvase como nestes espazos virtuais se reproducen diversas conductas de risco ou problemáticas, como o ciberacoso, o sexting, o grooming, o acceso a contidos inapropiados, as relacións con descoñecidos, a falta de privacidade e/ou difusión de datos persoais ou o uso indebido dos mesmos (Sánchez et al., 2015). Un estudo realizado por esta entidade en colaboración co Profesor Rial Boubeta da USC nos centros educativos do Municipio de Carballo acerca do xogo online, pon de manifesto a necesidade de sensibilizar e intervir na nosa poboación escolar con respecto ao uso das novas tecnoloxías (especialmente redes sociais e Internet) e o xogo, tanto de azar como de videoxogo.

Para dar resposta a esta situación, a Asociación Vieiro decide poñer en marcha este curso de prevención selectiva no ámbito escolar tendo en conta que nas adicións relacionadas coas TICS é preciso facilitar información e establecer límites conxuntos coas familias en canto ao uso de dispositivos e tecnoloxías dixitais para promover o seu uso responsable e seguro.

## **2.- OBXECTIVOS**

- Fomentar nos/as menores e xoves un uso adecuado das TICs informando dos seus dereitos e obrigas.
- Tomar conciencia dos riscos do uso das Tics, dos posibles delitos e as súas consecuencias así como as formas de protexerse.



## ASOCIACIÓN VIEIRO

- Previr o uso problemático de Internet e as redes sociais e de diversas prácticas de risco asociadas a estas tecnoloxías (vídeoxogos e apostas) na poboación escolar.
- Promover a adopción de estilos de vida saudables entre a poboación escolar en situación de risco potenciando diversos factores de protección e reducindo o impacto de determinados factores de risco asociados ao mal uso das Tics.
- Proporcionar aos escolares habilidades para o afrontamento ante situacións de risco, unha toma axeitada de decisións, a anticipación ás consecuencias dos propios actos e a asunción de responsabilidades a nivel persoal fronte a condutas de risco relacionadas co mal uso das Tics.
- Informar e apoiar ás familias dos menores en situación de risco, orientando situacións de dificultade e promovendo un incremento das habilidades de xestión, comunicación e negociación familiar.

### **3.- POBOACIÓN DESTINATARIA**

A poboación destinataria son os/as alumnos/as de 5º e 6º de Educación Primaria e de 1º a 4º de ESO, en situación de risco debido ao uso problemático das Tics, e as súas familias.

### **4.- METODOLOXÍA**

Este curso lévase a cabo mediante a demanda dos propios centros educativos a través dos equipos directivos ou/e departamentos de orientación e a petición expresa do centro educativo no que se implementa. Céntrase na detección de alumnos/as en situación de risco en relación co mal uso das novas tecnoloxías, e pretende responder



## ASOCIACIÓN VIEIRO

ás necesidades específicas percibidas en cada centro escolar mediante a oferta de dous niveis de desenvolvemento:

- **1º nivel:** Intervención selectiva e programada nas aulas, dirixida a menores escolarizados en 5º e 6º de E.P. e adolescentes de 1º a 4º de ESO nos que se detectaron situacións de risco en relación co mal uso das novas tecnoloxías: videoxogos, smartphone, redes sociais e Internet, apostas, etc.
- **2º nivel:** Intervención selectiva dirixida a aqueles casos que esixan dunha actuación máis específica para a súa abordaxe dada a especial problemática de condutas de abuso que presentan. Os/as destinatarios/as deste segundo nivel serían as familias e o/a menor con conduta problema derivada do mal uso das novas tecnoloxías.

Este curso lévase a cabo utilizando técnicas interactivas co apoio de audiovisuais. As sesións teñen unha estrutura flexible, aberta e adaptable aos coñecementos e intereses do alumnado, potenciando o desenvolvemento de habilidades de intercambio de opinións e de interacción grupal como factor de aprendizaxe. A intervención na aula lévase a cabo mediante diálogos simultáneos, Philips 6-6, discusións dirixidas, remuíño de ideas, rumor/clínica do rumor.

## 5.- CONTIDOS

- **“LEVANTEMOS A MIRADA”:** Obradoiro de 2h de duración dirixido ao alumnado onde se detectaron condutas de risco relacionadas co mal uso das novas tecnoloxías.

Nel abórdanse os seguintes contidos: autoevaluación dos hábitos de uso das TIC, identificación dos usos e funcións de Internet e as redes sociais na adolescencia, diferenciación entre o uso saudable e problemático, efectos derivados do uso problemático de Internet e as redes sociais e identificación de condutas de risco relacionadas co uso destas tecnoloxías.



ASOCIACIÓN VIEIRO

- PAIS E NAIS FRONTE AS TECNOLOXÍAS: Realización conxunta de sesión con pais/nais ou titores legais e os menores con condutas de risco relacionadas cas novas tecnoloxías. O número de sesións varía en función de cada caso. Nestas sesións abórdanse os seguintes contidos: habilidades para mellorar a comunicación familiar, destrezas para ensinar a fillos/as a realizar un uso seguro e saudable das TICs, pautas para o establecemento de normas de uso das TICs e a supervisión das actividades de fillos/as en Internet e as redes sociais.

## **6.- LUGAR DE CELEBRACIÓN**

Centros Educativos de Educación Primaria, Centros Educativos de Educación Secundaria e na sede da entidade.

## **7.- DURACIÓN**

Durante o curso escolar